



Alba Castro, José Luis  
 Alfonso Pallarés, Miguel Ángel  
 Alonso Araujo, Marcos M.  
 Alonso Escontrela, M<sup>a</sup> Luisa  
 Álvarez Rodríguez, Rosana  
 Álvarez Villamarín, José C.  
 Anaya Revuelta, Inmaculada  
 Andión Rodríguez, M<sup>a</sup> Nuria  
 Arias Acuña, Alberto Marcos  
 Arias Fernández, M<sup>a</sup> Cristina  
 Badaoui Fernández, Aida  
 Barcía Rodríguez, Ignacio  
 Barral Puga, Bastián  
 Barreiro García, Ramón  
 Basalo Domínguez, David  
 Bernal Gómez, Rosa  
 Blanco Pesqueira, Antonia  
 Brea Castro, Millán  
 Bueno Alonso, Jorge Luis  
 Calvo Rapado, José M<sup>a</sup>  
 Carballo-Calero Ramos, M<sup>a</sup> Victoria  
 Cebro Rodríguez, Juan M.  
 Cid Fernández, Xose Manuel  
 Cid Sabucedo, Alfonso  
 Corbacho Rosas, Eusebio  
 Costas González, Xosé Enrique  
 De La Montaña Miguelez, Julia  
 De La Torre Fraga, Daniel  
 De Oca Cancela, Guillermo  
 De Vicente Remesal, Javier  
 Deaño Deaño, Manuel  
 Díaz Freire, Antonio  
 Díaz De Bustamante, Jaime  
 Do Campo Lamas, Xenxo  
 Docampo Amoedo, Domingo  
 Doforno Cid, Ana Belén  
 Domínguez Castro, Luis  
 Durany Castrillo, José  
 Estévez Toranzo, Margarita  
 Fariñas Valiña, Iago  
 Fernández Fernández, Federico

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 6 de xuño de dous mil tres, ás 10:30 horas en primeira convocatoria e ás 11:00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O venres, **día 6 de xuño de 2003**, ás 11:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

**Punto 1:** Aprobación, se procede, das actas das sesións extraordinarias dos días 31-10-2002, 18-12-2002, 12-2-2003, 13-3-2003 e 9-4-2003.

**Punto 2:** Informe do Rector.

**Punto 3:** Ratificación, se procede, dos acordos do Consello de Goberno de data 22 de maio de 2003, sobre desafectación e alienabilidade de inmobles da Universidade de Vigo.

**Punto 4:** Ratificación, se procede, dos seguintes planos de estudio:  
 - Enxeñeiro en Organización Industrial (2º ciclo) (aprobado en Xunta de Goberno do 13 de decembro de 2001) –Enxeñeiro en Automática e Electrónica Industrial (2º ciclo) (aprobado en Xunta de Goberno do 13 de decembro de 2001) –Licenciado en Comunicación Audiovisual (aprobado en Consello de Goberno de 22 de maio de 2003) – Diplomado en Turismo(aprobado en Consello de Goberno de 22 de maio de 2003 – Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación especialidade en Son e Imaxe (pendente de aprobación en Consello de Goberno) –Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación especialidade en Sistemas de Telecomunicación (pendente de aprobación en Consello de Goberno).

**Punto 5:** Aprobación, se procede, da proposta de creación, composición e sistema de elección das Comisións para a elaboración dos Regulamentos previstos na Transitoria 1ª dos novos Estatutos da Universidade de Vigo.

**Punto 6:** Elección para cubrir as seguintes vacantes no Consello de Goberno: 3 (sector Directores/Decanos de Centros, Departamentos ou Institutos Universitarios), 1 (sector Estudiantes).

**Punto 7:** Elección para cubrir as seguintes vacantes no Tribunal de Garantías: 1 PDI , 1 Estudiantes.

**Punto 8:** Rogos e preguntas.

Fernández Iglesias, Manuel José  
 Fernández Sobrino, Ramón A.  
 Fernández Vilán, José Antonio  
 Filgueira Pérez, Ángeles  
 Fraiz Brea, José Antonio  
 Galvez Ameijide, Luis Miguel  
 Galvez Galvez, Juan Francisco  
 García Masegosa, Antonio  
 García Paz, Francisco Javier  
 García Vázquez, José Manuel  
 Garrido González, Josefa  
 Garrido Suárez, Carlos  
 Gil Martín, Emilio  
 Gil Villanueva, José M<sup>a</sup>  
 Gómez Durán, Artur  
 González Crespán, M<sup>a</sup> Araceli  
 González Novas, Roberto  
 González Piñeiro, Manuel  
 González Martínez, Xosé Manuel  
 Gregorio Vaqueiro, Jorge  
 Hermida Rodríguez, Iria  
 Hernández Sánchez, Jesús  
 Hervés Beloso, Juan Pablo  
 Iglesias Galán, M<sup>a</sup> Hilda  
 Iglesias Randulfe, M<sup>a</sup> Teresa  
 Lago Ferreiro, Alfonso  
 Lago Teijeiro, Juan Miguel  
 Lanaja Del Busto, José M.  
 Legido Soto, José Luis  
 Lens Leiva, Jorge  
 Liz Marzán, Luis Manuel  
 Llamas Nistal, Martín  
 López Mira, Alvaro Xosé  
 López Pérez, José  
 López De Silanes Vázquez, M<sup>a</sup> Eugenia  
 Lorenzo Suárez, Anxo Manuel  
 Lores Ínsua, Francisco Xavier  
 Marín Martín, Ricardo  
 Martí Pellón, Daniel  
 Martín Míguez, Belén  
 Martínez Rodríguez, María  
 Matias Fernández, José María  
 Mato De La Iglesia, Salustiano  
 Mazaira Castro, Andrés  
 Membiela Iglesia, Pedro  
 Méndez Martínez, Gonzalo  
 Mollinedo Lois, Carlos  
 Nombela Castaño, Miguel Ángel  
 Orche García, Enrique  
 Otero Camiña, José Luciano  
 Palacio Sánchez, Xosé Antón  
 Palanca González, Mercedes

**Punto 1:** Aprobación, se procede, das actas das sesións extraordinarias dos días 31-10-2002, 18-12-2002, 12-2-2003, 13-3-2003 e 9-4-2003.

Apróbanse por asentimento as actas das sesións extraordinarias dos días 31-10-2002, 18-12-2002, 12-2-2003, 13-3-2003 e 9-4-2003.

**Punto 2:** Informe do Rector.

O Rector informa do seguinte:

- os estatutos foron enviados á Consellería fai mes e medio pero aínda non hai noticias.

- da publicación da lei dos Consello Sociais de Galicia no DOG do 30 de maio.

- da concesión de varios proxectos no marco do programa Interreg III á Universidade.

- respecto das titulacións outorgadas a Universidade de Vigo, o Decreto publicado no DOG de 23 de maio xa indica en que centro se van a impartir, polo que non procede ningunha outra asignación por parte da Universidade.

- o día 4 de xuño sairán publicados os catro borradores dos decretos que faltaban en relación co Espacio Europeo de Educación Superior (EEES).

Estos borradores discutiránse no Consejo de Coordinación Universitaria entre setembro e outubro polo que hai tempo para facer suxerencias.

- No sorteo da mesa para a orde das intervencións saíu a letra A.

**Punto 3:** Ratificación, se procede, dos acordos do Consello de Goberno de data 22 de maio de 2003, sobre desafectación e alienabilidade de inmobles da Universidade de Vigo.

Pequeño González, Tatiana  
 Pérez Gómez, Luis  
 Pérez López, Serafín A.  
 Pérez Rodríguez, Francisco Javier  
 Pose Blanco, José  
 Prada Blanco, Albino  
 Prado Prado, José Carlos  
 Ramos Cabrer, Manuel  
 Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
 Rey García, Daniel  
 Rey Losada, Francisco Jesús  
 Rial Otero, Ángel  
 Rivas Conde, Filemón  
 Rodeiro Iglesias, Javier  
 Rodríguez Álvarez, Ángela  
 Rodríguez Berrocal, Francisco Javier  
 Rodríguez Fuentes, Gustavo  
 Rodríguez González, Roberto  
 Rodríguez Seoane, María Pilar  
 Román Lago, Carlos  
 Rueda Chimeno, Juan Carlos  
 Sánchez Bermúdez, Ángel  
 Santalla Del Río, Verónica  
 Santos García, José Santiago  
 Soengas Fernández, José Luis  
 Suárez Pazos, Mercedes  
 Taboada Castro, Javier  
 Tojo Suárez, M<sup>a</sup> De La Concepción  
 Tojo Suárez, José E.  
 Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz  
 Vázquez Gestal, Monserrat  
 Vázquez López, Ezequiel M.  
 Vázquez Nuñez, Fernando Antonio  
 Vera Isasa, María  
 Vilas Martín, Federico  
 Viso Alonso, Augusto

DESCULPA ASISTENCIA  
 Troncoso Durán, Dolores  
 Perez Teijeiro, José Manuel

Intervén o Vicerrector de Planificación recordando que no capítulo VI do orzamento de 2003, figuran 4,5 millóns de euros en previsión do alleamento de diversos bens patrimoniais propiedade da Universidade de Vigo que no ano 2003 quedarán baleiros e fóra de uso. Para realizar o devandito alleamento é preciso proceder en primeiro lugar á desafectación dos inmobles e a alienabilidade dos mesmos e no Consello de Goberno de data 22 de maio de 2003 foi aprobada a autorización correspondente. O paso seguinte é a ratificación polo Claustro e finalmente a aprobación polo Consello Social. O proceso rematará cunha subasta pública.

Ábrese un turno de intervencións.

O profesor Tojo di que para unha toma de decisión deste tipo os claustrais deberían ter mais información sobre os aspectos seguintes: motivos que aconsellan á venda e que se vai a facer despois co obtido pola mesma, que vai a pasar co edificio do Rectorado, planificación global das necesidades de infraestructuras da nosa universidade, situación económica da CUSA, etc. Por todo isto o grupo de Nova Universidade vai votar en branco e pide que conste en acta.

O Vicerrector responde que hai unha previsión xeral de ingresos no orzamento do ano 2003, e o destino desta previsión é a tódalas aplicacións presupostarias aprobadas no seu día. Sobre o edificio histórico do Rectorado informa que non hai unha previsión definitiva sobre o seu uso e destino. Estanse a estudar diversas posibilidades, entre outras o traslado do Consello Social á segunda planta.

En relación coa situación económica de CUSA, informa da recente decisión de ampliar o seu capital que deberá ser discutida polos órganos de goberno dos diferentes socios e incorporadas, no seu caso, nos orzamentos 2004 da Universidade de Vigo coa aprobación do Consello de Goberno e do Consello Social.

Intervén o profesor Tojo nun turno de réplica e di que se alegra de que por primeira vez se lle dea ó Claustro unha información sobre CUSA. Insiste que antes de vender deberíamos ter un estudio global dos inmobles da nosa

institución e cre que o edificio histórico do Rectorado e un edificio importante para a Universidade de Vigo.

Rematadas as intervencións procédese á votación da ratificación do acordo sobre desafectación e alienabilidade de inmobles da Universidade de Vigo:

- votos a favor	76
- votos en contra	3
- votos en branco	32

Queda ratificado o acordo con Consello de Goberno de data 22 de maio de 2003 sobre desafectación e alienabilidade de inmobles da Universidade de Vigo.

**Punto 4:** Ratificación, se procede, dos seguintes planos de estudio: - Enxeñeiro en Organización Industrial (2º ciclo) (aprobado en Xunta de Goberno do 13 de decembro de 2001) – Enxeñeiro en Automática e Electrónica Industrial (2º ciclo) (aprobado en Xunta de Goberno do 13 de decembro de 2001) –Licenciado en Comunicación Audiovisual (aprobado en Consello de Goberno de 22 de maio de 2003) – Diplomado en Turismo(aprobado en Consello de Goberno de 22 de maio de 2003 – Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación especialidade en Son e Imaxe (pendente de aprobación en Consello de Goberno) –Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación especialidade en Sistemas de Telecomunicación ( pendente de aprobación en Consello de Goberno).

O Rector informa que se trata de ratificar os planos de estudos aprobados previamente en Consello de Goberno.

Ábrese un turno de intervencións:

O profesor Diaz de Bustamante pregunta que vida útil van ter varias das titulacións que hoxe se van a aprobar xa que o futuro de moitas titulacións do primeiro ciclo e incierto.

O profesor Prado pregunta por qué levan parados tanto tempo os dous planos de estudio de titulacións de 2º ciclo que foron aprobados en Xunta de Goberno fai tempo. Pide que se axilicen os trámites e pregunta se pode haber algún problema para que se implanten o próximo curso.

O Rector di que ve difícil implantalos para o curso próximo pero que quedan aprobados e ratificados.

Respecto á pregunta do profesor Diaz de Bustamante di que no seu momento a Universidade de Vigo terá que tratar estas e o resto das titulacións e os estudantes que se matriculan destas novas titulacións terán os mesmos dereitos que o resto dos estudantes desta universidade.

A continuación procédese á votación da ratificación de cada un dos planos de estudio por separado:

- Enxeñeiro en Organización Industrial ( 2º ciclo)-

- votos a favor        98
- votos en contra     0
- votos en branco     5

queda ratificado o plano de estudos de Enxeñeiro en Organización Industrial ( 2º ciclo )

- Enxeñeiro en Automática e Electrónica Industrial ( 2º ciclo )-

- votos a favor        98
- votos en contra     0
- votos en branco     5

queda ratificado o plano de estudos de Enxeñeiro en Automática e Electrónica Industrial (2º ciclo).

- Licenciado en Comunicación Audiovisual-

- votos a favor        90
- votos en contra     5
- votos en branco     10

queda ratificado o plano de estudos de Licenciado en Comunicación Audiovisual.

- Diplomado en Turismo-

- votos a favor        83
- votos en contra     7
- votos en branco     8

queda ratificado o plano de estudos de Diplomado en Turismo.

- Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación, especialidade en Son e Imaxe-

- votos a favor        93
- votos en contra     0
- votos en branco     12

queda ratificado o plano de estudos de Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación, especialidade en Son e Imaxe.

- Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación, especialidade en sistemas de Telecomunicación-

- votos a favor        96
- votos en contra     0
- votos en branco     8

queda ratificado o plano de estudos de Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación, especialidade en sistemas de Telecomunicación.

**Punto 5:** Aprobación, se procede, da proposta de creación, composición e sistema de elección das Comisións para a elaboración dos Regulamentos previstos na Transitoria 1ª dos novos Estatutos da Universidade de Vigo.

O Rector informa da proposta aprobada por unanimidade pola Mesa e enviada a tódolos claustrais.

Ábrese un turno de intervencións.

A Sra. Palanca fai unha proposta de composición das comisións:

- 3 PDI ( sector A )
- 3 PDI ( sector B )
- 3 estudantes
- 3 PAS

O Sr. Pérez Gómez, en nome de Queicoiñas, fai unha segunda proposta de composición das comisións :

- 4 PDI ( sector A e B )
- 4 Estudiantes
- 4 PAS

e que sexan presididas polo Rector ou persoa en quen delegue.

O profesor Rey defende a proposta da Mesa xa que reflicte a composición do Claustro e na que se fixo un pequeno redondeo que favorece a estudantes e PAS.

A Sra. Palanca retira a súa proposta.

Realízase a votación das dúas propostas:

- |   |    |
|---|----|
| - votos a favor da proposta da mesa do claustro | 75 |
| - votos a favor da proposta do Sr. Pérez Gómez  | 36 |
| - votos en branco                               | 3  |

Queda aprobada a proposta da Mesa ( anexo I)

**Punto 6:** Elección para cubrir as seguintes vacantes no Consello de Goberno: 3 (sector Directores/Decanos de Centros, Departamentos ou Institutos Universitarios), 1 (sector Estudiantes).

No sector Directores /Decanos hai 3 candidaturas para cubrir 3 postos polo que non é necesario realizar votación.

Saen elixidos:

Don Eusebio Corbacho Rosas ( Dpto. Matemática Aplicada I )  
 Don Jose M<sup>a</sup> Pousada Carballo ( ETS de Enx de Telecomunicación)  
 Don Juan C. Surís Regueiro ( Dpto. Economía Aplicada)

No sector de estudantes presentáronse as seguintes candidaturas:

Don Bastián Barral Puga  
 Don Iago Fariñas Valiña  
 Don Luís M. Gálvez Ameijide  
 Don Horacio González Diéguez  
 Don Xan Lago Teijeiro

Don Luis M. Gálvez Ameijide e Don Xan Lago Teijeiro retiran a súa candidatura quedando 3 candidatos para cubrir un posto.

Realizada a votación o resultado é o seguinte:

Don Bastián Barral Puga	13 votos
Don Horacio González Diéguez	4 votos
Don Iago Fariñas Valiña	2 votos

Sae elixido Don Bastián Barral Puga.

**Punto 7:** Elección para cubrir as seguintes vacantes no Tribunal de Garantías: 1 PDI , 1 Estudiante.

Polo sector PDI hai dúas candidaturas presentadas:

Don Francisco Jesús Rey Losada  
 Dona Veljka Ruzicka Kenfel

O resultado da votación foi o seguinte:

Dona Veljka Ruzicka Kenfel	48 votos
Don Francisco Jesús Rey Losada	18 votos

Sae elixida Dona Veljka Ruzicka Kenfel , que obtivo unha maioría de 2/3 dos presentes do seu sector.

No sector estudantes hai presentadas tres candidaturas:

Don Bastián Barral Puga  
 Don Iago Fariñas Valiña  
 Don Luís M. Gálvez Ameijide

O resultado da votación foi o seguinte:

Don Bastián Barral Puga	17 votos
Don Iago Fariñas Valiña	1 voto
Don Luís M. Gálvez Ameijide	1 voto

Sae elixido Don Bastián Barral Puga que obtivo unha maioría de 2/3 dos presentes do seu sector.

**Punto 8:** Rogos e preguntas.

O profesor Rodeiro fai dúas preguntas:

- se existe algún procedemento establecido para contestar ás preguntas formuladas no Claustro.

- se se pode obter información sobre as materias de libre elección que se ofertan nesta universidade, o seu valor económico e como repercute este sobre os centros e/ou áreas que imparten estas materias.

O Rector contesta á primeira pregunta indicando que non hai establecido ningún procedemento e que a contestación pode ser no momento, no próximo Claustro ou ben nunha conversación persoal a posteriori.

Respecto á segunda di que as materias de libre elección pasan por Consello de Goberno, polo que son públicas, e en calquera momento pode pedir a relación en Secretaría Xeral. Os estudantes pagan unhas taxas establecidas pola Xunta de Galicia e en Consello de Goberno non se fai unha valoración económica específica deste tema.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:30 horas do día 6 de xuño de 2003, da que eu como Secretaria Xeral dou fe co Vº e Pr. Do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Mª Teresa Iglesias Randulfe